

METRO LIXEIRO NA CORUNA



Señorías, señor Presidente.

Sustanciamos hoxe esta PNL que puideramos chamar “deterxente” ou “PNL penitencia”, que as dúas cousas serven para limpar as conciencias.. Porque fundamentalmente deso se trata, de limpar a conciencia do PP na Coruña e na súa Área Metropolitana, e facelo canda hasta as campanas repican porque hai eleccións xerais..

Señorías, o malo do “google” e da internet é que nos devolve ás veces imaxes que non gustamos de recordar. Canto non daría o señor Pizarro, por exemplo, por borrar das pantallas dos nosos PCs aquela succulenta entrevista na que afirmaba sen dúbida que o mellor para as pensións era a súa privatización ou aquelas simpáticas declaracións - que estou segura valora moito o Presidente Chaves- nas que proclamaba que “dar cartos ós andaluces e ós extremeños era alimentar a sopa boba”..

Pero xa ven.. sen dúbida coñecen aquela rima de “sé donde vives y donde trabajas..”, pois agora tamén sabemos o que se dixo e se fixo... e non só na última semana. Por exemplo, sabemos o que dixo e o que fixo o señor Feijó, cando era Conselleiro de Ordenación do Territorio (que pouquiña lealdade ó nome, por certo..), o que dixo e o que fixo ó respecto do transporte público, e do metro lixeiro... e por iso podemos afirmar que o único obxectivo desta PNL é limpar conciencias.

Verán, o 14 de xuño de 2005, en plena campaña electoral (cinco días antes das eleccións) a persoa que tivera a responsabilidade de respostar ás necesidades de transporte e comunicacións para as grandes áreas de Galicia, facía un grande anuncio: habería por fin metro nunha cidade galega, esta sería a opción elixida para o transporte público.

Respaldado pola súa ferramenta de traballo favorita, un power point, o insigne Conselleiro desvelou a toda Galicia o proxecto estrela. Con un orzamento total de casque 600 millóns de euros (moi lonxe, por certo dos apenas 3 millóns de euros que aquel ano - electoral- adicaba a Xunta ó transporte público) divididos en dúas fases, este metro tería 8´7 kms dos que case sete serían subterráneos, percorrelos levaría 17 minutos e ata sabía a tarifa... 0,75 euros .. en ese ano 2005!.

E dirán vostedes... gran noticia. Compromiso do PP, pois có Metro lixeiro da Coruña... bueno, non. A verdade é que o señor Conselleiro presentaba este proxecto para Vigo, dende o centro a Navia. Para a Área da Coruña o Conselleiro non prevía o Metro lixeiro nin ningún outro.... Con seguridade lle gustaba menos o goberno municipal coruñés que o da súa compañeira a Sra. Porro.

Iso si, cargadiño de power point, tróuxonos a todos a asinar grandes convenios para o transporte metropolitano: un mes antes das eleccións, sen billete único, sen traxectos pactados, sen resolver as concesións dos diferentes transportes... pero con unhas preciosas marquesiñas que foron moi comentadas...

Isto é, señorías, o que atopamos no pasado do PP ó respecto do transporte metropolitano e do Metro lixeiro para a área coruñesa.. Coma diría aquel.. rien de rien..

E por qué entón, atopamos esta iniciativa?. Porque señorías, o tema ten mudado na nosa Área.

- Coma ben saben, a Xunta de Galicia licitou en xuño de 2006 un estudo para valorar posibles liñas e a viabilidade económica do metro lixeiro na Coruña. Con posterioridade o estudo foi ampliado para estudar os trazados posibles no entorno metropolitano. Coma vostedes saben - o PP tamén- o estudo está preto de rematarse e de presentarse as conclusións do mesmo.
- O PP sabe tamén que dentro dos orzamentos da Xunta de este ano figura unha cantidade moi importante (72 M euros) para asumir o desenrolo do transporte público en Galicia, nas áreas metropolitanas en tamén no rural.
- Coñecen as xestións do Goberno da Xunta, a través do Presidente e da Conselleira, para a mellora nas frecuencias e as condicións do transporte ferroviario de cercanías, complemento ideal tanto para o trasnprote por carreteira coma para os posibles metros.
- O Grupo popular da Coruña coñece tamén que na vixente Revisión do PXOUM que temos en marcha, inclúense catro estudos sectoriais de carácter metropolitano, entre eles un do transporte e as súas infraestruturas. Dende ese estudo se prantexarán, en coordinación coa

Xunta, alternativas para o transporte por metro para a Coruña e a súa comarca.

Polo tanto, o PP coñece de primeira man os avances que se están levando a diante para coordinar o transporte metropolitano, crear as infraestruturas necesarias para mellorar a mobilidade no entorno da Coruña, e asumir, xa que eles non o fixeron durante os longos anos do seu Goberno, o reto da comunicación e a mobilidade desta área.

Finalmente señorías, permítanme facer unha consideración ó respecto do segundo punto desta PNL. O PP reclama, nin máis nin menos, que a financiación desta infraestrutura sexa INTEGRAMENTE PÚBLICA!. O exercicio de coherencia non pode ser máis atinado... naquela virtualidade de metro do power point do señor Feijó, había tamén unha proposta de financiación:

- O 65% da financiación sería pública (20% Xunta e o mesmo porcentaxe o Estado e a Unión Europea mentres que o Concello aportaría o 5%.

- 35% da concesionaria.

Idéntico modelo, por outra banda, dos que se teñen posto en marcha en diferentes cidades españolas e de toda Europa. Hoxendía é absolutamente impensable o desenrolo dunha iniciativa deste tipo con investimento só público. Decenas de fórmulas de financiamento sostible, baseado nunha combinación entre o público e o privado son posibles, mantendo a transparencia na xestión, a eficacia e eficiencia dos fondos públicos e o mellor servizo público.

Polo tanto, señorías, dende o seu inicio esta PNL ten máis que ver coa conciencia de quén nada fixo que de interese polo transporte público, pola calidade de vida ou mobilidade dos cidadáns do entorno da Coruña ou por o aproveitamento dos recursos público.. Un despropósito, vaia...